

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP PLURILINGÜE OS TILOS
CURSO: 3º EDUCACIÓN PRIMARIA
MATERIA: LINGUA ESTRANXEIRA - INGLÉS
DATA: 8/5/2020

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
BLOQUE 1. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS	
Comprende o sentido xeral e información relevante en interaccións verbais, con estruturas sinxelas e léxico de uso cotiá co apoio visual correspondente.	Entende o que se lle di en situacións comunicativas breves e sinxelas sobre temas familiares ou do seu interese (deportes, animais, comidas preferidas, indicacións, peticións, avisos...).
BLOQUE 2. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS	
Falar de si mesmo/a, das persoas da súa contorna máis inmediata, obxectos, gustos e intereses, usando expresións e frases sinxelas.	Fai presentacións moi breves e elementais previamente preparadas sobre temas próximos.
Participar de forma activa en conversas cun intercambio directo de información sobre temas familiares.	Reproduce comprensiblemente textos orais sinxelos e breves, como cancións e rimas.
BLOQUE 3. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS	
Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos escritos sinxelos sobre temas previamente traballados de forma oral, do seu interese e con apoio visual.	Comprende frases simples escritas, relacionadas con temas traballados previamente de forma oral, así como a idea e as personaxes principais dunha historia sinxela acompañada de apoio visual.
Coñecer estratexias básicas para a comprensión do sentido xeral e as ideas principais en textos escritos sinxelos.	Emprega algunha estratexia básica para a comprensión lectora e amosa interese por informarse, comunicarse e aprender a través dos textos escritos.
BLOQUE 4. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS	
Escribir textos sinxelos seguindo un modelo dado, compostos de frases illadas simples, para falar de si mesmo/a, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da vida cotiá, en situacións familiares e predecibles.	Escribe frases e conversas sinxelas seguindo un modelo dado, sobre temas familiares previamente traballados de forma oral, así como responde de forma escrita a preguntas sobre temas traballados en clase (ubicación de obxectos, cores, a hora, gustos...).
Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección frases curtas que utiliza normalmente ó falar.	Escribe respetando a estrutura gramatical coñecida, organiza os textos con coherencia e presenta os textos de forma coidada e cunha caligrafía axeitada.
BLOQUE 5. COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCIENCIA INTERCULTURAL	
Obter e dar información básica persoal e da súa contorna máis inmediata, na situación de comunicación propia da aula.	Pregunta/responde para dar/obter información persoal básica (nome, idade, actividades favoritas, gustos...) e sobre a vida cotiá (fórmulas de cortesía, localización de obxectos, desexos...).
Amosar curiosidade pola lingua e as persoas que a falan.	Valora a realidade plurilingüe da súa propia contorna e amosa interese por coñecer outras culturas.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Avaliación continua e global.</p> <p>Analizaranse progresos e aprendizaxes tomando como referencia os obxectivos e as competencias clave.</p> <p>A avaliación da fase non presencial terá como única finalidade favorecer ó alumnado.</p>
Cualificación final	<p>Teranse en conta principalmente os dous primeiros trimestres.</p> <p>As actividades do último trimestre poderán ser avaliados pero só de xeito diagnóstico e sempre con valor positivo en beneficio do alumnado.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre	
Actividades	<p>Tarefas globalizadoras de recuperación, repaso e reforzo cunha mínima intervención docente para afondar nas aprendizaxes traballadas durante os dous primeiros trimestres.</p>
Metodoloxía	<p>Uso de recursos tecnolóxicos para obter o maior proveito da metodoloxía non presencial e manter rutinas e hábitos de estudo.</p> <p>Flexibilización do plan de traballo coidando de non penalizar o benestar do alumnado nin sobrecargalo de tarefas.</p> <p>O obxectivo prioritario é non perder o curso, avanzar na formación.</p>
Materiais e recursos	<p>Fichas de traballo individual descargables así como recursos online (vídeos, páxinas web...) accesibles dende a aula virtual do centro.</p>

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	<p>Contacto por correo electrónico e aula virtual do centro.</p>
Publicidade	<p>Publicación obrigatoria na páxina web do centro.</p>